

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de maio de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(489).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas da sesión ordinaria e das dúas sesións extraordinarias e urxentes do 26 de abril de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(490).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 1850/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.04.13, o informe de fiscalización do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de

Área de Benestar Social, do 30.04.13, conformado pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada dde Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, que contén o prego de prescripcíons técnicas particularese o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento aberto de data 7 de marzo de 2013.

2º.- Aproba-lo gasto de 1.347.827,62 euros, para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas , que se imputará á partida 3133.2279901 servizo metadona. E a súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2013: 393.116,38€

ano 2014: 673.913,81 €

ano 2015: 280.797,43€

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**3(491).- IDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE 16.875,24 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. (SAMIL) POLA LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS-MARZO 2013. EXPTE. 9879/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.04.13, e de acordo co informe-propostga da xefa do Negociado de Cemiterios, do 17.04.13, conformado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e consumo e pola concellería delegada da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-”, por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) segundo factura correspondente o mes de marzo de 2013, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemterios municipais naquelas datas.

Segundo.- Recoñece-la obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” (CIF.: B-47037577), por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemterios municipais no mes de marzo de 2013, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do vixente exercicio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

**4(492).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PRENDAS ESPECIAIS PARA O PERSOAL DA POLICÍA LOCAL, BOMBEIROS E SERVIZOS EXTERIORES DO CONCELLO. EXPTE. 4277/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o día 22.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Darse por enterada das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores e lotes :

Lote 2: EL CORTE INGLES, S.A., por non indicar o peso da prenda e porque non cumpre coa composición esixida.

Lote 3: PACO GARCÍA, S.A., e SAGRES- PARTENÓN, S.L., por non asegurarse Pilling Grado 5

Lote 4: SAGRES- PARTENÓN, S.L., por non se indican as elasticidades mínimas esixidas.

Lote 7: EL CORTE INGLES, S.A., porque non cumpre coa composición do tecido e o polar non é independente e Complementos Policiais, S.L. . por supera-la súa oferta o tipo de licitación

Lote 8: EL CORTE INGLES, S.A., porque non se indica na oferta os grados de protección fronte ao lume e PEYCAR porque non cumpre coas características de protección mecánica (Presenta Grado 4-2-3-4 fronte 4-5-4-4 esixido).

Lote 9: COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L., porque non indica o peso do tecido.

Lote 10: COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L., porque non indica o peso do tecido.

Lote 11: COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L., por superar o peso máximo permitido e El Corte Ingles S:A. por supera-la súa oferta o tipo de licitación

Lote 12: EL CORTE INGLES, S.A., e COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L., por non indicar a a resistencia ao calor da chama.

Segundo.- Excluir da clasificación a oferta presentada por polo Corte Ingles, S.A. Aos lotes 9 e 10 por considera-las como desproporcionada.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a subministración de prendas especiais para o persoal da Policía Local, Bombeiros e servizos exteriores do concello (expediente 4277-241) no seguinte orde decrecente:

TÁBOA DE CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS			
LOTE 2 – CAMISETA TÉRMICA			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	SAGRES-PARTENÓN	90,00	7.076,00
2	COMPOL	40,15	8.266,72
LOTE 3 – PANTALÓN INVERNO POLICÍA LOCAL			

ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	EL CORTE INGLÉS	74,27	57.928,75
2	COMPOL	70,00	53.757,88
3	DRÄGER	48,68	59.319,04
LOTE 4 – PANTALÓN VERÁN POLICÍA LOCAL			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	COMPOL	70,00	25.952,08
2	DRÄGER	65,11	27.574,09
3	EL CORTE INGLÉS	57,60	31.860,81
4	PACO GARCÍA	11,37	34.340,16
LOTE 5 – ANORAK PATRULLA POLICÍA LOCAL			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	SAGRES-PARTENÓN	90,00	5.776,80
2	COMPOL	54,39	5.808,00

LOTE 6 – POLO INVERNO POLICÍA LOCAL			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	EL CORTE INGLÉS	90,00	24.515,45
2	COMPOL	62,94	25.952,08
3	DRÄGER	13,11	30.401,01
LOTE 7 – ANORAK POLAR BOMBEIROS			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	SAGRES-PARTENÓN	90,00	31.770,83
LOTE 9 – PANTALÓN DEPORTE: BOMBEIROS			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	PEYCAR	70	3.202,20
LOTE 10 – POLO BOMBEIROS			
ORDEN	EMPRESA	PUNTUACIÓN	OFERTA (€)
1	PEYCAR	70	11.745,00

Cuarto.- Requerir ós licitadores clasificados en primeiro lugar . para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

Sexto.- Declarar desertos os seguintes lotes:

Lote 1: Chaleque multipetos.

Lote 8: Luvas pel innifuga bombeiros.

Lote 11: Camiseta deportes Bombeiros.

Lote 12: Pantalón retardante á chama bombeiros.

**5(493).- CESIÓN DE CONTRATO DE ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 11739/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 12.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-la cesión a Esmuvigo, Sociedade Cooperativa Galega, do contrato dos servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música (Expe 11739-332) adxudicado a empresa Dobre O, S.L.. por acordo da Xunta de Goberno Local de 11-10-2010.

2º.- A empresa cesionaria Esmuvigo, Sociedade Cooperativa Galega, quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas que corresponden ó cedente (Dobre O, S.L.).

3º.- A cesión do contrato formalizarase en escritura pública que unha vez outorgada será presentada a este concello.

**6(494).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19.04.13 QUE DECLARA DESERTO O PROGRAMA “SUN PROYECT”. EXPTE. 8966/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 6.05.13, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na reunión celebrada o día 19 de abril de 2013 acordou:*

*7.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO “SUSTAINABLE URBAN MOBILITY”. EXPTE. 8966/77.*

*Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 10.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:*

*1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 14.12.2012 polo que se clasifica as ofertas presentadas o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia técnica para o proxecto “Sustainable Urban Mobility”.*

*2º.- Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia técnica para o proxecto “Sustainable Urban Mobility” xa que a única empresa presentada, Metodo Estudios Consultores S.L.U, presentou unha escritura de modificación do obxecto social que non esta inscrita no Rexistro Mercantil.*

*3º.- Devolve-la garantía definitiva constituída por Metodo Estudios Consultores S.L.U, por importe de 1.611,57 euros e co número de operación 201300016958.*

*O citado acordo foi tomado de acordo coa proposta que figuraba no borrador de acta da Mesa de contratación celebrada o día 10-04-2013. Unha vez aprobada dita acta en sesión da Mesa de Contratación celebrada o día 24-04-2013 a proposta foi modificada polo que hai que adecuar o acordo a nova redacción da proposta da Mesa de Contratación.*

*A vista das anteriores circunstancias PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*Modificar o acordo que figura no apartado 7 da orde do día da Xunta de Goberno Local locla celebrada o día 19 de abril de 2013 que quedará redactado da forma que sigue:*

*1º.- Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia técnica para o proxecto "Sustainable Urban Mobility" xá que a única empresa presentada, Metodo Estudios Consultores S.L.U, presentou unha escritura de modificación do obxecto social que non esta inscrita no Rexistro Mercantil.*

*2º.- Devolve-la garantía definitiva constituída por Metodo Estudios Consultores S.L.U, por importe de 1.611,57 euros e co número de operación 201300016958."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(495).- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O ALLEAMENTO DE 140 COLECTORES DO SERVIZO DE LIMPEZA E APERTURA DE NOVO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN. EXPTE. 4372/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 6.05.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o alleamento de 140 unidades de colector metálico de data 6 de maio de 2013.

2º.- A apertura dun novo procedemento de licitación para o alleamento de 140 unidades de colector metálico.

#### **8(496).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS NO MES DE ABRIL. EXPTE. 244/330.**

En cumprimento das instrucións dabese 31ª das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, durante o mes de abril de 2013, que son os seguintes:

SERVIZO: **Área de Cultura, Festas e Museos**

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
241-330	17/04/13	Edición de elementos gráficos para difusión do II Festival Primavera do Cine en Vigo.	33402260200	20130002753 4	4.205,66 €	Ecovigo Publicidad, S.L.

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **9(497).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE, TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 12094/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.04.13, o informe de fiscalización do 2.05.13, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 12.04.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honra na tempada deportiva 2012/2013.

2º.- Aprobar o gasto de 18.000,00 €. a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club co G-36933331 e con enderezo social na rúa Curros 17 en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12094-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil trece.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, dona María Isabel Villar de Dios como presidente da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club CIF nº G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12094-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## MANIFESTAN

*I.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2012/2013.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tempada deportiva 2012/2013.*

*V.- Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12094-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*



## PACTOS

*Primeiro.- A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- Programa Municipal de escolas deportivas.*
- Xornadas de formación.*
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- ...*

*2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:*

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Club unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de*

desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no

*RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2013.*

**10(498).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “8ª CARREIRA FEMENINA CORRER E ANDAR” O VINDEIRO 30 DE XUÑO. EXPTE. 12099/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 29.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, en colaboración con El Corte Inglés a organizar o vindeiro domingo 30 de xuño de 2013, a 8ª Carreira Femenina correr e andar”. A devandita proba terá a saída ás 11.00 horas dende El Corte Inglés e percorrerá as seguintes rúas: Gran Vía, Urzáiz, República Argentina, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Concepción Areal, para rematar fronte a piscina do Real Club Náutico, previa entrada polos xardíns de Elduayen”.

**11(499).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA CORUXO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “IV TROFEO DE MINI-BTT- MONTES DE CORUXO” O VINDEIRO 19 DE MAIO. EXPTE. 12100/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 29.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Coruxo a organizar o vindeiro 19 de maio de 2013, o IV Trofeo de Mini-BTT – Montes de Coruxo. A devandita carreira levarase a cabo nas inmediacións do recinto das festas de Fragoselo (Coruxo), comezando ás 10.00 horas e rematando ás 14.00 horas.

**12(500).- SOLICITUDE DO COMITÉ DE VIGO DE UNICEF DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “II MARCHA CICLISTA A BENEFICIO DE UNICEF” O VINDEIRO 19 DE MAIO. EXPTE. 12126/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 30.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Comité de Vigo de UNICEF, a organizar o vindeiro domingo 19 de maio de 2013, a proba deportiva denominada II MARCHA CICLISTA A BENEFICIO DE UNICEF esta proba comenará na Praza do Rey ás 11.00 horas e percorrerá polas rúas Venezuela, Gran Vía, Lepanto, Alfonso XIII, García Barbón, Isaac Peral, Arenal, Colón, Policarppo Sanz, Paseo de Elduayen, Falperra e Cachamuiña, rematando na Praza do Rey ás 13.30 horas aproximadamente.

**13(501).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2013 DO “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN”. EXPTE. 9627/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.13, o informe de fiscalización da xefa do Servizo de Fiscalización, do 26.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.04.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria para o ano 2013 do Programa de Axudas Municipais á Contratación, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 25.000€ (VINTE E CINCO MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 4700000 "Programas de axuda á inserción laboral".

TERCEIRO.- Delegar no concellerio de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2013 do programa de axudas municipais á contratación.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2013  
DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS Á CONTRATACIÓN*

*BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

- 3. Finalidade.*
- 4. Características das empresas e entidades beneficiarias.*
- 5. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.*
- 6. Tipos e contías das axudas.*
- 7. Obrigas do/a beneficiario/a.*
- 8. Alteración das condicións de concesión das axudas.*

*BASE 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES*

*BASE 3ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN*

- 1. Instrución e tramitación das axudas.*
- 2. Comisión de Valoración e Seguimento.*
- 3. Criterios obxectivos de adxudicación.*

*BASE 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

- 4.1. Solicitudes de documentación*
- 4.2. Lugar e prazo de presentación*

*BASE 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO*

*BASE 6ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

- 7. Perda do dereito ao cobro*
- 8. Renuncia*
- 9. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións*

*BASE 7ª. PUBLICIDADE*

- 7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas*
- 7.2. Publicidade das subvencións concedidas*
- 7.3. Publicidade do financiamento público*

*BASE 8ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL*

*BASE 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL*

**ANEXOS:**

<i>ANEXO I</i>	<i>SOLICITUDE</i>
<i>ANEXO I Bis</i>	<i>DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE</i>
<i>ANEXO II</i>	<i>FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA</i>
<i>ANEXO III</i>	<i>DECLARACIÓN XURADA DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS</i>
<i>ANEXO IV</i>	<i>BAREMO</i>
<i>ANEXO V</i>	<i>DECLARACIÓN DO USO DO GALEGO</i>
<i>ANEXO VI</i>	<i>DOCUMENTO DE INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO</i>

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2013  
DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN**

**BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

**1.1. Finalidade**

*A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria das Axudas municipais á contratación para o ano 2013 no marco da actuación municipal e no conxunto de accións consideradas dentro dos programas de apoio á inserción laboral, para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial.*

**1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias**

*Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que formalicen contratos por conta allea cunha duración mínima de 3 meses, a tempo completo ou parcial, a persoas desempregadas empadroadas no municipio de Vigo (durante un período mínimo de 6 meses previo ao inicio da súa contratación e durante a vixencia da mesma), para prestar servizos no mesmo. As empresas que contraten a persoas que pertencen a algún dos colectivos especificados no punto 1.4 verán incrementada a cuantía da axuda.*

*Esta convocatoria comprenderá os contratos, en calquera das modalidades contractuais vixentes, agás o contrato en prácticas e o contrato de traballo do Servizo do fogar familiar, formalizados xunto coas súas prórrogas entre o 1 de maio de 2012 e ata o 31 de abril de 2013. O importe da subvención corresponderá ao período de contratación efectiva dentro do período antes sinalado.*

**1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.**

*1.3.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*1.3.2. Non ter amortizado nos últimos tres anos postos de traballo por despedimento declarado improcedente ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.*

*1.3.3. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).*

*1.3.4 No caso de existir relación contractual previa entre o/a beneficiario/a e a persoa contratada ésta será superior a catro anos.*

*1.3.5. As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e, ademáis, estar empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo de 6 meses previo ao inicio da súa contratación e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención.*

*1.3.6 No caso da pertenza das persoas contratadas aos colectivos de primeiro empregado da empresa, persoas con discapacidade, parados/as de longa duración e persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social - especificados no punto 1.4 - deberán acreditarse de xeito documental.*

1.3.7. O/A beneficiario/a deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

1.3.8. Non ter débedas co Concello de Vigo ao remate do prazo de presentación da solicitude.

#### 1.4. Tipos e Contías das axudas

##### Axudas á contratación a xornada completa

Primeiro contrato ou aqueles cuxa relación contractual previa da persoa traballadora co solicitante sexa superior a catro anos, en todas as súas modalidades, agás o contrato en prácticas e o contrato de traballo do Servizo do Fogar Familiar, coas seguintes características:

CONTRATACIÓNS	CONTRATO: 3 MESES	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: SUPERIOR A 9 MESES
Persoas desempregadas empadroadas en Vigo <sup>1</sup>	375,00 €	750,00 €	1.500,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO <sup>2</sup>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participantes dalgún dos programas da concellería</li> <li>• Primeiro empregado/a da empresa</li> <li>• Mulleres</li> <li>• Persoas con discapacidade</li> <li>• Parados/as de longa duración<sup>3</sup></li> <li>• Persoas menores de 30 anos ou maiores de 45 anos.</li> <li>• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social<sup>4</sup></li> </ul>	150,00 €	300,00 €	600,00 €
<i>Importe Total</i>	525,00 €	1.050,00 €	2.100,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo durante un período mínimo previo de 6 meses ao inicio da súa contratación e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención.

(2) O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo.

(3) Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25 anos.

(4) Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

1.7. Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

1.8. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.



- 1.9. *Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*
- 1.10. *Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.*
- 1.11. *Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.*
- 1.12. *Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.*
- 1.13. *Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos/as.*
- 1.14. *Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.*
- 1.15. *Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.*
- 1.16. *Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.*
- 1.17. *Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.*

*As persoas contratadas pertencentes aos colectivos de primeiro empregado da empresa, persoas con discapacidade, parados/as de longa duración e persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social deberán acreditálo de xeito documental.*

#### *Axudas á contratación a xornada parcial*

*Serán subvencionables os contratos a tempo parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais, con redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, poderán subvencionarse contratacións cunha duración mínima inferior.*

1.4.1. *O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 2500 €, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.*

1.4.2. *As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 - Programa de axudas á inserción laboral – do presupuesto municipal para o ano 2013, por un importe total de 25.000,00 €.*

#### *1.5. Obrigas do/a beneficiario/a*

*Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:*

1.5.1. *Acreditar no momento da solicitude a contratación de persoas desempregadas e empadroadas no municipio de Vigo – nun período mínimo de 6 meses previo ao inicio da súa contratación e durante a vixencia da mesma -, no período comprendido entre o 1 de maio de 2012 e ata o 31 de abril de 2013.*

1.5.2. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado 1.4 para o incremento da axuda.

1.5.3. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

1.5.4. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

1.5.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ó contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.8. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.

## BASE 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador autónomo sen asalariados e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nen estea ao seu cargo.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

### *BASE 3ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN.*

#### *3.1. Instrución e tramitación das axudas*

*O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarásede oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.*

*A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderásenotificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude.*

*En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.*

#### *3.2. Comisión de Valoración e Seguimento*

*A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:*

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.*
- O xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*A dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario.*

*A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.*

*Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.*

#### *3.3. Criterios obxectivos de adxudicación*

*No caso de que o montante total das axudas que procedese conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ó baremo que figura nestas bases.*

*Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación do citado baremo, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.*

No caso de empate entre unha ou varias das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

- Número de persoas a contratar.
- Duración dos contratos.
- Características das persoas contratadas.
- Uso do galego na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

De continuar a situación de empate repartirase a contía disponible proporcionalmente segundo o importe que lle correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

As solicitudes das axudas valoraranse con arranxo ao seguinte baremo (Anexo IV):

1. DURACIÓN DO CONTRATO:

DURACIÓN CONTRATO	NÚMERO DE PUNTOS
3 MESES	3
6 MESES	5
9 MESES OU MÁIS	10

2. CARACTERÍSTICAS PERSOAS CONTRATADAS

CARACTERÍSTICAS	NÚMERO DE PUNTOS
MENORES DE 30 ANOS	5
MAIORES DE 45 ANOS	5
PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN	5
MULLER	5
DISCAPACITADO/A	5
PERTENCENTE A COLECTIVOS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL	5
PRIMEIRO/A EMPREGADO DA EMPRESA	5
PERSOA USUARIA DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	20

Sumarase a puntuación correspondente a cada unha das circunstancias que de xeito simultáneo concorran nunha mesma persoa.

3. NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS:

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS	NÚMERO DE PUNTOS
1	2
2-4	4

MÁIS DE 4	10
-----------	----

#### 4. USO DO GALEGO

USO DO GALEGO NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO/A SOLICITANTE	NÚMERO DE PUNTOS
USO DO GALEGO NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DA EMPRESA	1

Para a súa avaliación e para o cumprimento do artigo 20.2 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia: “uso do galego na realización de actividades o condutas para as que se solicita a axuda”, presentarase o Anexo V cuberto.

#### BASE 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

##### 4.1 Solicitudes e documentación

As solicitudes achegaránse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e terán que ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada, agás o DNI, previamente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello – 4ª planta), cuberta e asinada, segundo consta no Anexo I bis:

##### Documentación relativa á empresa:

- Ficha de solicitude (Anexo I).
- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.
- No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.
- No caso de sociedades xa constituídas, copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).
- TC2 onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa correspondente ao inicio e ao remate do período de contratación efectiva da persoa pola que se percibe a axuda, segundo o sinalado no punto 1.2 destas bases e convocatoria.
- Declaración do uso do galego, no seu caso (Anexo V).

##### Documentación relativa a cada traballador/a

- DNI da/s persoa/s traballadora/s obxecto de contratación.
- Informe da vida laboral completa, respecto á empresa contratante, do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao remate do período de contratación para o que se solicita a subvención. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

- *Contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.*
- *Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto 1.4. destas bases e convocatoria.*

*Todo documento asinado electrónicamente será considerado orixinal.*

*Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base 4ª, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.*

#### *4.2 Lugar e prazo de presentación*

*As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), dirixiránse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte á data de publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.*

#### *BASE 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.*

*O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.*

*Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*A resolución do procedemento publicaráse no Taboleiro de Edictos do concello e na súa páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderáse notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na soli-*

*cidade, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:*

- *Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (segundo o estipulado no artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).*
- *As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos costes derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VI).*
- *Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*O servizo xestor, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.*

**BASE 6ª. PÉRDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓNS**

#### **6.1. Pérdida do dereito ao cobro**

*O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu otorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total o parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

#### **6.2. Renuncia**

*O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.*

### *6.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións*

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

## *BASE 7ª. PUBLICIDADE*

### *7.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas*

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2013 do "Programa de axudas municipais á contratación" do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*As antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do concello - 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo.*

### *7.2. Publicidade das subvencións concedidas*

*Tódas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e poderásen notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.*

*Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitar os empresarios solicitantes das axudas.*

### *7.3. Publicidade do financiamento público.*

*As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación no Programa de*



*Axudas municipais á contratación do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

#### **BASE 8ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

#### **BASE 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*A concesión destas axudas rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL**

*O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

### **14(502).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO 2013. EXPTE. 9790/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e prospección de emprego que se van realizar dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014, que consta no expediente.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención total de 80.000,00 € para financiar a contratación de catro técnicos/ás de orientación laboral dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014 de acordo co establecido na Orde do 10/04/2013, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 114.364,09€ para a contratación dos/as 4 técnicos/as de orientación laboral.

3º.- Consignar, nos orzamentos municipais do ano 2013 e 2014 unha achega ao proxecto de 114.364,09 €, correspondendo unha partida cunha contía mínima de 104.833,75 € para o ano 2013 e unha partida de 9.530,34 € para o ano 2014 destinado ao cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.

CUSTOS TOTAI	Mensual			Anual				
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total	Subvención Xunta máx.	Aportación municipal
4 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	12373,57	3823,43	16197,01	148482,88	45881,22	194364,09	80.000,00	114.364,09

- Orde do 10 de abril de 2013 no artigo 4: subvención máxima de 20.000,00 €/ano por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

4º.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

### **15(503).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO VIGO INTEGRAL. EXPTE. 9791/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integral", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, que consta no expediente.

2º.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 18 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2013 e 2014, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

**16(504).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO, APOIO Á XESTIÓN, SEGUIMENTO E AVALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN NO MARCO DO “PROXECTO 615 IMOS TRABALLAR2”. EXPTE. 9502/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.04.13, o informe de fiscalización de 30.04.13, e de acordo con informe proposta o Xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado con publicidade do servizo de asesoramento experto de apoio a xestión, seguimento e avaliación das accións a desenvolver no “Proxecto 615 Imos Traballar2”, enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo previstas no eixo 2 do programa operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

2º.- Aprobar o o prego de precripcións técnicas particulares de 6 de maio de 2013 e o prego de cláusulas administrativas de 3 de maio de 2013 que rexirán a contratación do servizo de asesoramento experto de apoio a xestión, seguimento e avaliación das accións a desenvolver no “Proxecto 615 Imos Traballar2”, enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo previstas no eixo 2 do programa operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

3º.- Aprobar ó gasto de 57.492,92 euros para a contratación do servizo de asesoramento experto de apoio a xestión, seguimento e avaliación das accións a desenvolver no “Proxecto 615 Imos Traballar2”, enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo previstas no eixo 2 do programa operativo “Adaptabilidade e Emprego”.

O contrato está financiado nun 80% polo Fondo Social Europeo e o gasto imputarase a partida 2410 2279916 “Estudios e Traballos Técnicos Imos Traballar2” no presuposto vixente e no da anualidade 2014 coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Presupostaria	Valor Estimado do contrato	IVE 21%	Precio total do Contrato
2013	2410 2279916 “Estudios e Traballos Técnicos Imos Traballar2”	15.838,27 €	3.326,04 €	19.164,31 €
2014	2410 2279916 “Estudios e Traballos Técnicos Imos Traballar2”	31.676,54 €	6.652,07 €	38.328,61 €
Total		47.514,81 €	9.978,11 €	57.492,92 €

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida

**17(505).- MODIFICACIÓNS NO CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES APE, AJE, CCOO, CEP, CIG E UGT . EXPTE. 8675/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.13, o informe de fiscalización do 07.05.13 e de acordo co informe-proposta do Xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo co concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Deixar sin efecto a cesión de financiamento por importe de 68.094,00 euros a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE dada a renuncia desta entidade, presentada por escrito o 21 de xaneiro de 2013, a cumprir os obxectivos de execución de actividades do proxecto 615 I mos Traballar 2 para os que se lle cedeu o mencionado presuposto.

2º.- Autorizar o concello de Vigo a ceder o 50% do financiamento o que renuncia a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, por importe de trinta e catro mil cuarenta e sete euros (34.047,00€) a entidade Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia- AJE para financiar un itinerario de inserción laboral de "Limpieza de Superficies e Mobiliario en Edificios e Locais" para 15 usuarios e 230 horas de duración, no marco do proxecto I mos Traballar2.

3º.- Autorizar o concello de Vigo a ceder o 50% do financiamento o que renuncia a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, por importe de trinta e catro mil cuarenta e sete euros (34.047,00€) a entidade Confederación de Empresarios de Pontevedra-CEP, para financiar un itinerario de inserción laboral de "Limpieza de Superficies e Mobiliario en Edificios e Locais" para 15 usuarios e 230 horas de duración, no marco do proxecto I mos Traballar2

4º.- O Concello de Vigo, como solicitante e entidade beneficiaria do proxecto, en cumprimento do disposto nas instrucións de aplicación e desenvolvemento das normas reguladoras das convocatorias de axudas con cargo o Fondo Social Europeo (FSE), periodo 2007-2013 prevista no P.O. "Adaptabilidade y Empleo", notificará e solicitará conformidade da Subdirección General de Cooperación Local del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, para esta modificación que afecta os compromisos de execución asumidos polas entidades integrantes do pacto polo emprego.

1.

5º.- Facultar o Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar a seguinte adenda o Convenio:

*Adenda o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo a través da área de Desenvolvemento Local, Emprego e Participación Cidadá e os axentes sociais e económicos Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia-AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Comisións Obreiras de Vigo-CC.OO de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra-CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo-CIG e a Unión General de Trabaxadores de Vigo, para a execución do proxecto I mos Traballar2, proxecto 615, enmarcado nas axudas con cargo o Fondo Social Europeo dentro do programa Adaptabilidade e Emprego.*

*En Vigo, a .....de .....*

**REUNIDOS:**

*Dunha parte o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, como Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, ao amparo das facultades que lle concede o seu nomeamento ó 11 de xuño de 2011,*

*Doutra,*

*D/Dña, .....como ....., en representación da mesma, ao amparo das facultades que se lle concederon en.....,*

**EXPOÑEN:**

*Que con data 20 de febreiro de 2012 asinouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e os axentes sociais e económicos Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Comisiones Obreiras de Vigo-CC-OO de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra-CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo-CIG e a Unión General de Trabajadores de Vigo*

*O citado convenio ten por obxecto a execución das diversas actividades do proxecto Imos Traballar2, ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2011-2013, que foi aprobado por decisión do Comité de Valoración da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial con data 21 de xuño de 2011.*

*Con data 21 de xaneiro de 2013, a Asociación de Empresarias de Pontevedra-APE, presenta un escrito manifestando a imposibilidade de cumprir os obxectivos do convenio e renunciando o orzamento asignado na cláusula novena do mesmo por importe de 68.094,00€.*

*Polo exposto, as partes intervintes acordan formalizar unha Adenda o convenio citado no expositivo anterior, con suxeición as seguintes cláusulas*

*PRIMEIRA: Modifícase o parágrafo segundo da cláusula novena do convenio asinado o entre o Concello de Vigo e os Axentes sociais e económicos o 20 de febreiro de 2012 para a execución do proxecto Imos Traballar2, que quedaría redactada como segue:*

*“A Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, renuncia a realización dos itinerarios de Inserción do proxecto Imos Traballar2 e como consecuencia o Concello de Vigo non lle cederá financiamento algún, manifestando a entidade a súa vontade de participar na execución do II Pacto polo Emprego”.*

*SEGUNDA: Engádase un novo parágrafo a cláusula novena do convenio asinado o entre o Concello de Vigo e os Axentes sociais e económicos o 20 de febreiro de 2012 para a execución do proxecto Imos Traballar2, coa seguinte redacción*

*“O Concello de Vigo cederá a Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia –AJE o 50% do orzamento o que renuncia a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, por importe de trinta e catro mil cuarenta e sete euros (34.047,00€), para que o designe o financiamento dun itinerario de inserción laboral de “Limpieza de Superficies e Mobiliario en Edificios e Locais” para 15 usuarios e 230 horas de duración a desenvolver na anualidade 2013, no marco do proxecto Imos Traballar2”.*

*“O Concello de Vigo cederá a Confederación de Empresarios de Pontevedra-CEP o 50% do financiamento o que renuncia a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, por importe de trinta e catro mil cuarenta e sete euros (34.047,00€) para que o designe o financiamento dun itinerario de inserción laboral de “Limpieza de Superficies e Mobiliario en Edificios e Locais” para 15 usuarios e 230 horas de duración a desenvolver na anualidade 2013, no marco do proxecto Imos Traballar2”.*

**18(506).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102162/140.**

Vistos os libramentos a xustificar informados polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Rein-tegro	S/ a favor
Escariz Couso Alberto	201300002723	9220.2219 901	191,81	191,81	18/01/13	15/02/13	18/04/13	0,00	----
Escariz Couso Alberto	2013000020227	9220.2219 901	191,81	191,81	21/03/13	03/04/13	21/06/13	0,00	----
Espada Recarey Luis	201300002724	1693.2279 900	17.999,00	15.662,40	21/01/13	03/04/13	21/04/13	2.336,60	----
Espada Recarey Luis	201300002725	9220.2260 100	500,00	408,51	21/01/13	08/04/13	21/04/13	91,49	----
Espada Recarey Luis	201300002727	1693.2200 100	600,00	584,34	21/01/13	27/03/13	21/04/13	15,66	----
Espada Recarey Luis	201300002728	1693.2269 901	311,00	311,00	21/01/13	12/02/13	21/04/13	0,00	----
Espada Recarey Luis	201300002729	1693.2200 000	500,00	500,00	21/01/13	25/03/13	21/04/13	0,00	----
González Domínguez Luz M <sup>a</sup>	201300005533	3380.2279 906	15.970,00	15.970,00	07/02/13	08/02/13	07/05/13	0,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300011959	2410.1310 025	3.192,00	3.192,00	14/02/13	25/02/13	14/05/13	0,00	----
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300013842	2410.131 0025	720,00	720,00	22/02/13	25/02/13	22/05/13	0,00	----
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300017515	1694.224 0000	1.223,00	1.223,00	07/03/13	16/04/13	07/06/13	0,00	----
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300017976	1694.233 0000	600,00	600,00	13/03/13	21/03/13	13/06/13	0,00	----
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201300022515	1694.224 0000	9,65	9,65	25/03/13	16/04/13	25/05/13	0,00	----

Núñez Aboy Marta	201300006435	2410.230 2000	490,99	315,86	07/02/13	18/03/13	07/04/13	175,13	----
Otero Lamas Francisco	201200066803	3133.227 9903	600,00	595,79	25/10/12	20/12/12	25/01/13	4,21	----
Quintela Rodríguez Mª José	201300012452	2310.481 0000	325.686,80	325.686,80	15/02/13	02/04/13	15/05/13	0,00	----
San Luis Costas Avelino	201200050188	9120.226 0100	3.000,00	1.390,38	28/08/12	31/12/12	28/11/12	1.609,62	----
TOTAL			371.786,06	367.553,35				4.232,71	

**19(507).- REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS (TOYSAL). EXPTE. 179/242.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza do 15.04.13, conformado pola concelleira de Facenda e Patrimonio e polo concelleiro de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a 1ª revisión ordinaria do prezo do contrato de xestión do servizo de tratamento final de residuos voluminosos (LER 200307) do termo municipal de Vigo, fixando o prezo unitario por tonelada tratada a partir do 1/7/2012 ata o 31/8/2012 en 127,03€/Ton (IVE 8% engadido), e 129,38€/Ton (IVE 10% engadido) do 1 de setembro do 2012 ao 30 de xuño do 2013.

2º.- Aceptar o ofrecemento da empresa concesionaria de renunciar á percepción do importe da revisión que con IVE ascende a 3,98 euros nos meses de xullo e agosto do 2012, e 4,05 euros nos meses de setembro do 2012 a xuño do 2013, mantendo o prezo unitario por tonelada tratada nas súas instalacións en 123,05 e 125,33 euros respectivamente co IVE correspondente engadido.

O importe máximo ao que renunciaría a empresa ascende a 14.372,28 € dos que 2.358,98 euros corresponden aos meses de xullo e agosto do 2012, e 12.013,31 euros corresponden aos meses de setembro do 2012 a xuño do 2013, pero o importe real determinarase exactamente ao final do período coñecendo o total do número de toneladas realmente tratadas durante eses meses.

**20(508).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.135,68 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á**

**XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL (XANEIRO 2013). EXPTE. 85388/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización de data 26.04.13 e de acordo co informe-proposta, de 18.04.13, do Xefe de Seguridade, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de Xaneiro de 2013) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, por un importe total de 27.135,68 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización.

**21(509).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO E MARZO DE 2013 TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1630/334.**

Mediante providencia de data 3.05.13, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Normalización Lingüística durante os meses de febreiro e marzo de 2013, que son os seguintes:

Expediente	1581-334. Vigo en galego con Rosalía
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16283
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	3.000,00 euros

Expediente	1582-334. II Club de debate
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16284
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	5.000,00 euros

Expediente	1583-334. Libros de <i>Cantares Gallegos</i>
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16286
Adxudicatario	Edicións Xerais
Importe	2.099,92 euros



Expediente	1584-334. Publicidade campaña Vigo en galego con Rosalía
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16288
Adxudicatario	Somosmagenta
Importe	1.043,02 euros

Expediente	1585-334. Cé orquestra Pantasma
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16289
Adxudicatario	César Freiría Prado
Importe	4.840,00 euros

Expediente	1586-334. Certame regueifas 1 de marzo
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16287
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	2.100,00 euros

Expediente	1587-334. Película "Personal movie"
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16290
Adxudicatario	Sun Lúa, S.L.
Importe	1.000,00 euros

Expediente	1588-334. Material promocional Rosalía
Decreto concelleira	data 26 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16538
Adxudicatario	Rei Zentolo, S.L.
Importe	3436,40 euros

Expediente	1589-334. Sombras chinas-perfeccionamento
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2013
Informe Intervención	RC 16291
Adxudicatario	Tanxarina, S.L.
Importe	1.452,00 euros

Expediente	1591-334. Xestión campaña "Vigo con Rosalía"
Decreto concelleira	data 5 de marzo de 2013
Informe Intervención	RC 17727
Adxudicatario	Desoños
Importe	8.692,64 euros

Expediente	1593-334. Contacontos "Rosalía, unha meniña"
Decreto concelleira	data 7 de marzo de 2013
Informe Intervención	RC 17968
Adxudicatario	Xandobela/Antaxurada
Importe	8635,00 euros

Expediente	1594-334. Actividade "Ola ríos, ola fontes"
Decreto concelleira	data 8 de marzo de 2013
Informe Intervención	RC 18409
Adxudicatario	Miguel Ángel Alonso Diz
Importe	2.400,00 euros

Expediente	1595-334. Portes
Decreto concelleira	data 8 de marzo de 2013
Informe Intervención	RC 18410
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	500,00 euros

Expediente	1596-334. Obradoiros "Xogando cos contos"
Decreto concelleira	data 11 de marzo de 2013
Informe Intervención	RC 19989
Adxudicatario	Ana Carreira Varela
Importe	2.783,00 euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **22(510).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS, FASE 1"- TRAMO ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE". EXPTE. 2338/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dase conta do informe-proposta do Xefe da Área de Fomento, do 06.05.13, que di o seguinte:

*Obra: "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS FASE I – TRAMO (ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE)". Expte. 2229/443.*

*Localidade e situación: RÚA CAMELIAS.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.*

#### ANTECEDENTES

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 18 de xaneiro de 2013 aprobou o PROXECTO BÁSICO DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS FASE I – TRAMO (ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE)", cun orzamento de base de licitación de 678.243,98 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA FCC UTE VIGO, SA."*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

### **23(511).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS, FASE 1"- TRAMO ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE". EXPTE. 2337/443.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dase conta do informe-proposta do Xefe da Área de Fomento, do 06.05.13, que di o seguinte:*

*Obra: " RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS FASE I - TRAMO (ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE) ". Expte. 2229/443.*

*Localidade e situación: RÚA CAMELIAS.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS*

*Contratista titular do plan: AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:-----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ LUIS CIVIDANES MATOS*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL.*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: FCC-AQUALIA UTE VIGO*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA AVDA DAS CAMELIAS FASE I - TRAMO (ÁLVARO CUNQUEIRO-OURENSE)".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA FCC UTE VIGO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(512).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.198,29€ A FAVOR DE IMESAPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS NO MES DE MARZO 2013. 2819/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 17.04.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación cidadá e voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2013, por un importe de 8.198,29 € (oito mil cento noventa e oito euros con vinte e nove céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)

3º.- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 8.198,29 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de marzo de 2013.

**25(513).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE NOVIEMBRE 2012, FEBREIRO E MARZO DE 2013. EXPTE. 24062/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, do 29.04.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao mes de febreiro-2013 (Expte. Nº 24000/220), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Extinción de Incendios	Febreiro-2013	328'00
Policia Local (Xulgados)	Febreiro-2013	1.048'00
Policia Local (Horas en exceso)	Febreiro-2013	336'05
Alcaldía	Febreiro-2013	172'0

Segundo.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente aos meses de novembro-2012 e marzo-2013 (Expte. Nº 24033/220), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Marzo-2013	229'00

Extinción de Incendios	Marzo-2013	383'00
Extinción de Incendios (oficina)	Outubro e Novembro-2012	40'00
Policia Local (Xulgados)	Marzo-2013	544'00
Policia Local (Horas en exceso)	Marzo-2013	425'45
Limpeza	Novembro-2012	20'00
Inspección Vías e Obras	Novembro-2012	70'00
Parque Móbil	Novembro-2012	20'00
Ospio	Novembro-2012	60'00
Montes, Parques e Xardíns	Novembro-2012	110'00
Vías e Obras	Novembro-2012	144'00
Desinfección	Novembro-2012	73'00
Parque Móbil (Parque Central)	Novembro-2012	79'00
Parque Central	Novembro-2012	70'00
Cultura	Novembro-2012	20'00
Parque Móbil (Desinfección)	Novembro-2012	19'00

O montante dos presentes expedientes ascenden a un total de 42.381'34 €

**26(514).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24031/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, do 29.04.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Parque Móbil, Servizo Extinción de Incendios, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Xuventude, Cultura, Electromecánicos e Sanidade, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 6.094,14 € correspondentes ó 1º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**27(515).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

a) Resolución de adscripción provisional da funcionaria D<sup>a</sup> Rosa Teresa Vázquez Álvarez ao posto de oficial conserxe. Expte. 54/105.

Dase conta da resolución referida, de data 30.04.13, que di o seguinte:

Na Relación de Postos de traballo vixente, publicada no BOP de 16 de novembro de 2010 e modificacións no BOP de datas 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo e 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de 2012 e, 2 de febreiro de 2013, publicadas no BOP de datas 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto e 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro de 2013, respectivamente, figura vacante na actualidade, entre outros, un posto coa denominación de Xefe/a de Subalternos, o cal se atopa vacante, por xubilación da súa titular en data 20 de abril de 2013.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, sobre a delegación de competencias que ostento en materia de persoal,

#### RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente á Oficial Conserxe D<sup>a</sup>. Rosa Teresa Vázquez Álvarez, nº persoal 80698, ao posto cód. 110-Xefe/a de Subalternos/as, con efectos económicos e administrativos do vindeiro 02 de maio de 2013.

Segundo.- Consecuencia da referida adscripción, desempeñará as funcións inherentes ao posto de oficial conserxe, ademais das do posto de xefe de Conserxería ao que se adscribe provisionalmente, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión de 25 de decembro de 2005.

Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, Xefa da Área de Réxime Interior, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Servizo de Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH. e negociado de Seguridade Social), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.”

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dicitou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

b) Resolución deixando sen efecto redución de xornada solicitada pola funcionaria D<sup>a</sup> Angélica Rodríguez Bertomeu. Expte. 24063/220.

Dase conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 29.04.13, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 23 de abril de 2013 (doc. nº 130045174), D<sup>a</sup> Angélica Rodríguez Bertomeu, (nº persoal 22036) xefa de negociado adscrita ao Servizo de Patrimonio, solicita deixar sen efecto a redución de xornada durante os meses de maio e xuño de 2013, autorizada por re-

*solución do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 30 de agosto de 2012, consistente na redución en media hora ao inicio da xornada laboral durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2012 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2013.*

*Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa resolución da Alcaldía-Presidencia de data 07/02/2013, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte,*

#### **R E S O L U C I Ó N**

*Deixar sen efecto durante os meses de maio e xuño de 2013, a redución de xornada solicitada por D<sup>a</sup> Angélica Rodríguez Bertomeu, (nº persoal 22036) xefa de negociado adscrita ao Servizo de Patrimonio, debendo percibir os citados meses as súas retribucións íntegras.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, xefe do Servizo de Patrimonio, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (tco. de organización e planificación de Recursos Humanos, inspector auxiliar de persoal , e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*Coa mesma data, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.*

#### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local queda enterada.*

**c) Resolución autorizando un permiso non retribuído ao funcionario D. Manuel Andrés Sabio Sanz. Expte. 24047/220.**

*Dase conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.04.13, que di o seguinte:*

*Con data 11 de marzo de 2013, recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude (doc. 130028316) presentada a través do Rexistro Xeral por D. Manuel Andrés Sabio Sanz, con DNI nº 35.552.189-P e nº persoal 18490, funcionario de carreira con praza e posto de traballo de Bombeiro, no que solicita un permiso non retribuído de doce meses con efectos a partir do mes de maio de 2013, de conformidade co previsto no vixente Acordo Regulador.*

*En relación con dita solicitude emítase o seguinte informe:*

**1º.-** *O solicitante leva prestando servizos neste Concello de forma interrompida dende o 01/05/1986.*



- 2º.- *O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo, no seu art. 17 c) contempla o dereito dos empregados municipais a un permiso non retribuído por asuntos persoais, de seis meses cada cinco anos ou 12 meses cada dez.*
- 3º.- *Polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios, infórmase que non existen razóns determinantes que impidan acceder ao solicitado.*

*Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/02/2013 corresponden ao Sr. Concelleiro-delegado de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:*

*Primeiro.- Autorizar a D. Manuel Andrés Sabio Sanz, con DNI nº 35.552.189-P e nº persoal 18490, funcionario de carreira con praza e posto de traballo de Bombeiro, un permiso non retribuído de doce meses con efectos a partir do vindeiro mes de maio de 2013, rematando o mesmo o 30 de abril de 2014, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **28(516).- PROXECTO DE CONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ARRENDAMENTO DO LOCAL Nº 2 DO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTERO RÍOS E ANEXO DE BONIFICACIÓN ESPECIAL DO CONTRATO SUBSCRITO PARA O ARRENDAMENTO DOS LOCAIS Nº 1 E 4 DO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTERO RÍOS. EXPTE. 4754/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.04.13, o informe de fiscalización do 6.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Comercio e Turismo, do 25.02.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do “Contrato entre o Concello de Vigo e o Consorcio da zona Franca de Vigo para o arrendamento do local nº 2 no edificio dotacional de Montero Ríos – Xardíns Elduayen, con destino a oficina de turismo”.

2º.- Aprobar o texto do “Anexo de bonificación especial ao contrato suscrito o 14 de setembro de 2010 entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o arrendamento de dous locais no edificio dotacional de Montero Ríos – Xardíns de Elduayen, con destino a oficina de Turismo”.

3º.- Constituir a fianza arrendataria de 2.778,32 € (dous mil setecentos setenta e oito euros con trinta e dous céntimos) para o local nº 2 do edificio dotacional de Montero Ríos – Xardíns de Elduayen, na conta bancaria do Consorcio da Zona Franca de Vigo nº 2080 0000 71 0040039740 de Novagaliciabanco.

CONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ARRENDAMENTO DO LOCAL Nº 2 NO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTERO RÍOS - XARDÍNS ELDUAYEN, CON DESTINO A OFICINA DE TURISMO

En Vigo, a 2 de mayo de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Teresa Pedrosa Silva, con domicilio a estes efectos en Vigo, Área Portuaria de Bouzas s/nº, en nome e representación do CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (en diante, Consorcio), con N.I.F V-36.611.580, en calidade de Delegada Especial do Estado no devandito organismo, cargo para o que foi nomeada por Real Decreto 372/2012, do 10 de Febreiro, e con poderes suficientes para este acto en virtude de acordo adoptado polo Comité Executivo da entidade na súa reunión do día 19 de decembro de 2012.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, con domicilio a estes efectos en Vigo, Praza do Rei nº 2, en nome e representación do CONCELLO DE VIGO, con N.I.F. P3605700H, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

EXPOÑEN

I. Que o día 2 de novembro de 1992 o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria de Vigo, a Dirección Xeral de Portos e o Consorcio subscribiron un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento e ordenación urbanística da área central do Porto de Vigo no seu límite coa cidade: “Abrir Vigo ao Mar”, o obxectivo do cal era a recuperación, para o uso cidadán, do devandito espazo.

II. Que o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo na súa reunión do día 9 de xullo de 1999, outorgou ao Consorcio a concesión administrativa para ocupar unha superficie de terreo público portuario, na zona de Montero Ríos e os Xardíns de Elduayen, en Vigo, con destino á construción dun edificio dotacional, unha zona de acceso ao aparcadoiro subterráneo alí existente e unha edificación para posto de venda. A devandita concesión finaliza o día dezasete de xullo de dous mil vinte e nove.

III. Que o CONCELLO DE VIGO e o CONSORCIO asinaron o 14 de setembro de 2010 un contrato de arrendamento de dous locais, propiedade do CONSORCIO e identificados cós números 1 e 4, situados no Edificio Dotacional de Montero Ríos – Xardíns de Elduayen. O devandito con-

trato ten un prazo de duración de dez anos a partir do día seguinte á firma do Acta de entrega dos locais, o que finalmente ocorreu o día 30 de setembro de 2010.

IV. Que o CONCELLO está interesado en dispoñer doutro local no cal prestar os servizos de información turística, no referido Edificio Dotacional de Montero Ríos que se sitúa nun enclave privilexiado para os devanditos fins. Para iso solicitou, entre outras cousas, á aprobación do CONSORCIO para arrendar outro local situado no mesmo edificio.

V. Que o CONSORCIO, dispón dun local situado no Edificio Dotacional de Montero Ríos – Xardíns de Elduayen, identificado como Local nº 2 e cunha superficie de 105,91 m<sup>2</sup> para destinala aos servizos de información turística do Concello de Vigo, na cal esta entidade pública poderá situar a referida oficina turística.

VI. Á vista da devantida solicitude e da actual situación económica do mercado inmobiliario, o Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión do día 19 de Decembro e 2012, acordou:

O arrendamento do Local nº 2, cunha bonificación de carácter especial do 23% sobre a tarifa actual do devandito local.

Unha bonificación de carácter especial do 23% sobre a renda correspondente aos locais xa arrendados (nº 1 e nº 4) só no caso de que o CONCELLO DE VIGO alugue o local nº 2.

A condición de que ambas as dúas bonificacións se manterán sempre e cando o CONCELLO DE VIGO non renuncie a ningún dos tres locais. Se renunciase a calquera dos locais, volveranse aplicar as tarifas actuais cos correspondentes incrementos do IPC.

Así pois, dada a singularidade da operación, a finalidade pública perseguida e os suxeitos intervinientes, ao amparo do establecido no artigo 107 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o Consorcio da Zona Franca de Vigo convén en concertar a súa explotación por adjudicación directa a favor do Concello de Vigo. Por todo iso, os intervinientes formalizan o presente

CONTRATO DE ARRENDAMENTO PARA USO DISTINTO DO DE VIVENDA, de acordo co previsto na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, e a tal fin lévano a termo conforme ás seguintes

#### ESTIPULACIÓNS

##### PRIMEIRA. - OBXECTO DO CONTRATO.

Polo presente contrato, o CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, en calidade de arrendador, arrenda ao CONCELLO DE VIGO, como arrendatario, un espazo de 105,91 m<sup>2</sup> (identificado como local nº 2) situado no Edificio Dotacional de Montero Ríos, que deberá ser destinado, única e exclusivamente, con exclusión de calquera outro uso, á instalación dunha oficina de información turística municipal na que, ademais de facilitarse información, poderán venderse obxectos de recordo, libros, guías ou calquera outro produto de promoción turística, cultural ou deportiva, realizarse actuacións de reserva e venda relacionadas con actividades de ocio, así como prestarse todo tipo de servizos incluídos dentro do seu ámbito de actuación.

Achégase ao presente contrato como ANEXO Nº. 1, un Plano do Edificio Dotacional e da situación do espazo, identificado como local nº 2, onde se situará a referida oficina de información turística.

##### SEGUNDA. - RENDA DO CONTRATO E ACTUALIZACIÓNS.

O prezo do arrendo fíxase na cantidade de MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS(1.492,27 € , IVE non incluído) ao mes, mailo IVE correspondente, que se aboará simultaneamente coa mensualidade de renda. este ao Consorcio dentro dos dez (10) primeiros días de cada mes, por mensualidades anticipadas, e mediante o seu ingreso na conta corrente número 2080 5000 60 3040039743 que o Consorcio ten aberta na entidade NOVAGALICIA BANCO.

Para todo o tempo de duración do presente contrato, páctase que a renda mensual antes indicada (1.492,27 € , IVE non incluído) será revisada e actualizada o día un de xaneiro de cada ano, conforme ás variacións, á alza ou á baixa, que experimente o índice de prezos ao consumo (IPC) interanual de novembro do ano anterior, publicado polo Instituto Nacional de Estatística ou organismo competente que o substitúa.

Se chegadas as datas das correspondentes actualizacións non se coñeceran os Índices, calquera que fose a causa, continuaranse xirando as rendas a teor da última satisfeita, sen prexuízo de que, unha vez coñecidos os ditos índices e xunto co primeiro recibo de renda actualizada, se liquiden as diferenzas atrasadas. A primeira revisión producirase sobre a renda mensual arriba indicada e as seguintes sobre as sucesivas rendas revisadas.

A revisión ou actualización non precisará notificación previa, poderá instarse por parte do Consorcio en calquera momento, aínda que sexa posterior ao vencemento do período e en ningún caso precisará da previa autorización ou validación do Concello, para que o seu pagamento sexa esixido a este último.

O Consorcio terá dereito a cobrar unha renda superior á que resulte de aplicar esta condición, se en virtude das disposicións legais aplicables a este contrato así se establecera.

#### TERCEIRA - BONIFICACIÓN.

O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO acorda aplicar dende o día de entrada en vigor do presente contrato, á renda mensual, sinalada na estipulación anterior, unha bonificación especial na renda que supoñerá unha redución mensual do 23% do seu importe, sendo a devandita bonificación aceptada polo CONCELLO DE VIGO.

A citada bonificación sobre a renda mensual terá o mesmo prazo de duración que o presente contrato sempre que o CONCELLO DE VIGO non renuncie a ningún dos dous locais ós que fai referencia o Expositivo III.

A porcentaxe de bonificación aplicarase sobre a renda, excluíndose do cálculo da bonificación os impostos, especialmente o Imposto sobre o Valor Engadido, arbitrios, taxas ou gastos asimilados á renda, que o arrendatario houbese de aboar, a maiores.

A bonificación calcularase e aplicarase, en todo caso, sobre a renda xa actualizada nos termos considerados no presente contrato de arrendamento, sen que en ningún caso caiba a acumulación da porcentaxe de redución anual. Iso quere dicir que cada ano, e coa renda actualizada, aplicarase a porcentaxe de bonificación do 23%, non podendo acumularse entre si os porcentaxes anuais.

Os restantes gastos ou cargos que asume o CONCELLO DE VIGO por razón do contrato de arrendamento (gastos ordinarios e/ou extraordinarios) non serán obxecto de ningunha clase de bonificación.

Os importes que supoñan as bonificacións en ningún caso poderán ser reclamados ao CONCELLO DE VIGO, non tendo este ningunha obriga de devolvelos.

A bonificación do presente contrato quedará automaticamente sen efecto a partir da data na que o CONCELLO DE VIGO, no seu caso, solicite a resolución anticipada, total ou parcial, do contrato de arrendamento sinalado no Expositivo III, resultando de aplicación a renda actualizada sen bonificación.

#### **CUARTA- DURACIÓN DO CONTRATO.**

*O presente contrato estará en vigor desde o día no que se asine a acta de entrega ata o día 30 de setembro de 2020.*

*Transcorrido o prazo fixado, o contrato extinguirase sen que a arrendataria teña dereito a beneficio, dereito especial e/ou indemnización ningunha recollidos na xa citada Lei 29/1994 e que, tendo o carácter de renunciabes, non se lle recoñezan expresamente neste contrato. Queda expresamente excluída a indemnización contemplada no artigo 34 da citada Lei.*

*Transcorrido o prazo máximo de duración do contrato, o Concello de Vigo desalojará os bens obxecto de arrendamento, e en caso de non efectuar o dito desaloxo, o ocupante quedará obrigado a indemnizar ao Consorcio coa suma de 10 euros por metro cadrado arrendado e día transcorrido, dende a data de finalización do prazo contractual ou das súas prórrogas, no seu caso, ata aquela en que o inmovible quede expedito e enteiramente libre a disposición do arrendador.*

*O Concello poderá, cun preaviso escrito de SEIS MESES á data en que desexe poñer fin ao contrato anticipadamente, desistir deste con anterioridade á data fixada para o seu vencemento. En tal caso, o Concello de Vigo non aboará ao Consorcio ningunha mensualidade polo tempo que reste ata a finalización prevista do contrato, a salvo as correspondentes aos meses de obrigado preaviso e os gastos que estiveran pendentes de aboamento á devandita data, e todo iso sen prexuízo das eventuais responsabilidades a que quede afecta a fianza arrendaticia, nos termos salientados na cláusula décimo segunda.*

#### **QUINTA. - ENTREGA DO LOCAL E ACONDICIONAMENTO DO MESMO.**

*O Consorcio entregará o local nas condicións e coas características que se sinalan no plano que se adxunta como Anexo nº 1. Será responsabilidade do Concello de Vigo e da súa exclusiva conta e cargo, a decoración interior, equipamento e acabados propios do deseño que decidira para desenvolver a actividade de información turística. O proxecto de decoración interior, obras menores e acabados deberá ser aprobado previamente e por escrito polo Consorcio. As obras realizadas, en caso de conservarse, quedarán sempre en beneficio do inmovible, non tendo o Concello dereito a indemnización de ningunha clase en tal concepto.*

*No momento da entrega, os representantes designados aos devanditos fins polo Concello de Vigo e o Consorcio, subscribirán unha Acta de entrega do local, na que se especificará o estado no cal se atopan os mesmos, os seus accesorios e anexos correspondentes en todos os ramos da construción, mesmo canos de desaugadoiro, vidros, chaves, bisagras das portas e demais útiles e complementos; para tal efecto, e para deixar constancia da súa situación, realizarase unha reportaxe fotográfica que se incorporará, pasando a formar parte desta, á Acta de entrega. En caso de que o Concello de Vigo se negase a recepcionar os locais nos termos agora pactados, o Consorcio poderá instar a resolución do presente contrato, e reterá en concepto de indemnización de danos e prexuízos, a cantidade entregada polo Concello en concepto de fianza arrendaticia.*

#### **SEXTA. - GASTOS.**

*Serán de conta do Concello de Vigo:*

*a) Todos os gastos que ocasionen os servizos e subministracións con que conte o local arrendado, tales como auga, electricidade, teléfono, recollida de lixos, gas e outros similares, así como os gastos necesarios para a súa conservación e mantemento e os que ocasionen as súas instalacións, reparacións, substitucións ou modificacións que fora preciso introducir, por ser esixidas polas compañías subministradoras ou por disposición legal.*

b) A parte proporcional e correspondente dos gastos comúns do edificio, tanto ordinarios como extraordinarios, tales como auga, electricidade, limpeza, calefacción, etcétera.

c) O pagamento dos arbitrios, taxas e impostos, sexan do Estado, Comunidade Autónoma, ou Concello, tanto aqueles que graven a actividade desenvolvida no local, como os que se deriven da posesión e/ou propiedade do propio local. Exceptúanse desta obriga o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) e o canon por ocupación do dominio público portuario, que serán de conta do Consorcio da Zona Franca.

#### SÉTIMA. - OBRAS NO LOCAL.

Calquera obra que o Concello desexe realizar no local obxecto do presente contrato precisará da autorización previa e escrita do Consorcio e será executada consonte os proxectos previa e expresamente aprobados por este organismo e baixo a supervisión dos técnicos por el designados.

Para a autorización das obras, o Consorcio poderá esixir ó Concello a constitución dunha garantía, na forma e polo importe que para tal efecto por este se sinala, co fin de garantir a reposición do local ao seu estado anterior.

Finalizada a vixencia do contrato, tales obras, en caso de conservarse, quedarán en beneficio do inmovible, non tendo o Concello dereito a indemnización de ningunha clase en tal concepto. Non obstante, se o Consorcio optase pola reposición do local ao seu estado anterior, será este organismo o que execute as obras de reposición por conta e a cargo do Concello de Vigo.

O Concello tampouco terá dereito a indemnización de ningunha clase no caso de que, debido ás obras que se realizasen na Dársena de A Laxe, houbera que colocar unha valla que interrompese a visión exterior do local arrendado, sempre que tales obras non impidan o funcionamento e desenvolvemento da actividade propia da oficina turística.

#### OITAVA. - REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN DO LOCAL.

O Concello de Vigo obrígase a manter en bo estado de uso e conservación o local arrendado.

No caso de que se teñan que levar a cabo reparacións no local arrendado antes da finalización do contrato, estas serán realizadas polo Concello de Vigo e á súa costa, baixo a directa supervisión dos técnicos designados polo Consorcio.

O Consorcio poderá acometer no local as reparacións ou modificacións que estime necesarias ou convenientes, sempre que con iso non se cause un prexuízo ao Concello nas actividades que este desenvolva no devandito local, e sen que por iso o arrendatario teña dereito a indemnización ningunha.

En tales casos, o Concello de Vigo facilitará ao Consorcio a realización das devanditas obras, permitindo a entrada no local ao persoal técnico e obreiro encargado de executalas durante as horas que habitualmente rexan para o traballo.

Igualmente, non terá dereito a indemnización no caso de que, a causa das obras, houbera que colocar unha valla que interrompese a visión exterior do local obxecto do presente contrato, sempre que as obras non impidan o normal funcionamento deste.

#### NOVENA. - RÓTULOS.

O Concello de Vigo presentará ao Consorcio o deseño e características dos rótulos que desexe colocar no exterior do local, reservándose o Consorcio o dereito de aprobalos ou rexeitalos.

Queda prohibido, sen previa autorización do Consorcio, colocar na fachada do inmovible calquera clase de placa, rótulo, mostra, anuncio, antena de televisión, radio e telefonía ou de calquera outro amarre e/ou soporte sen que medie previa autorización escrita do Consorcio.

#### *DÉCIMA -CESIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO.*

*De acordo co establecido no parágrafo 4º do artigo 4 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, as partes contratantes exclúen expresamente a aplicación a este arrendamento do disposto no artigo 32 da dita Lei (cesión do contrato e subarrendo).*

*Consecuentemente, ámbalas dúas partes conveñen a prohibición expresa do Concello de ceder, traspasar ou subarrendar unha parte ou a totalidade do inmovible arrendado, sendo utilizado directamente polo Concello.*

*Non obstante, no suposto de que o Concello encomende a xestión da política turística local a outro organismo público, o contrato poderá ser cedido, previa autorización expresa e por escrito do Consorcio, ao dito organismo que se subrogará na posición contractual do Concello fronte ao Consorcio e, polo tanto, quedará suxeito a todas e cada unha das estipulacións do presente contrato.*

#### *DÉCIMOPRIMEIRA. - DEREITOS E OBRIGAS.*

*O Concello de Vigo obrígase a:*

- a). Aboar os danos que puidese ocasionar con ocasión do desenvolvemento da actividade, xa sexa o seu persoal ou o contratado por este, tanto no local coma nas áreas comúns; todo elo sen perxucio do dereito de repetición que, no seu caso, poida corresponder ao Concello. A reparación poderaa realizar, ben o Concello de Vigo baixo a inspección e supervisión directa dos técnicos designados polo Consorcio, ou ben o propio Consorcio por conta do Concello de Vigo.*
- b). Avisar por escrito, e á maior brevidade posible, de calquera desperfecto que aconteza ou dano que se cause nas instalacións de uso común do inmovible, tales como canalizacións de auga, aparatos de calefacción, instalacións eléctricas, etcétera, á reparación dos cales procederá inmediatamente o Consorcio por conta e a cargo do Concello de Vigo.*
- c). Non ter no local, nin aínda accidentalmente, substancias explosivas ou inflamables que fagan aumentar, por risco maior do normal, a prima de seguro contra incendios, sendo responsable de calquera prexuízo que a infracción orixine.*
- e). Ter e conservar, en perfecto estado, ou modificar se é o caso, a instalación eléctrica ou calquera outras pertencentes ao local, na forma que requiran as autoridades administrativas ou empresas subministradoras, para acomodalas ás disposicións legais ou regulamentarias.*
- f). Non depositar nos lugares de uso común mercadoría nin obxecto ningún sen permiso expreso do Consorcio. Tampouco levará a cabo accións ou omisións que prexudiquen ou poidan prexudicar os dereitos dos demais usuarios, aos que non molestará nin causará danos.*
- g). Observar e cumprir estritamente, facendo que se cumpran polas persoas que del dependan, todas as regras de policía, orde e seguridade establecidas nas ordenanzas municipais de aplicación e normas de policía portuaria, así como as que no futuro puidese dispoñer o Consorcio.*
- h). Non subarrendar o local, nin cedelo nin traspasalo, xa sexa total ou parcialmente. Tampouco poderá ceder ou transmitir a un terceiro o dereito de uso que lle outorga o presente contrato, sexa cal sexa o negocio xurídico que o sustente. Se exceptúa o suposto regulado no derradeiro parágrafo da estipulación novena.*
- i). Desenvolver no local a actividade sinalada na estipulación primeira.*
- j). Obter, ao seu cargo e baixo a súa exclusiva responsabilidade, tódalas licencias e autorizacións administrativas que sexan necesarias para a apertura ao público do local e para o desenvolvemento da actividade de información turística. Calquera responsabilidade (administrativa, civil, etc...) que puidese derivarse da falta ou inadecuación de tales licencias, será asumida única e exclusivamente polo Concello.*

k). Responder de calquera reclamación de responsabilidade patrimonial que se derive ou poida derivarse da utilización do local arrendado polos usuarios, deixando indemne, en todo caso, ao Consorcio a partir da data de formalización do presente documento.

l). Non acceder, por si ou por persoa interposta, á azotea ou tellado do edificio ou do local arrendado, nin poderá colocar nestes antenas de radio ou televisión, nin calquera outro aparato de amarre e/ou soporte, sen que medie autorización escrita e previa do Consorcio.

ll). Cumprir a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, comprometéndose a achegar, en caso de que o Consorcio así o solicite, toda a documentación acreditativa do devandito extremo.

m). Cumprir co disposto no Regulamento de réxime interno do Edificio Dotacional que figura como ANEXO II ao presente contrato.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo:

a). Non responderá, en ningún caso, dos accidentes e prexuízos que os danos nas instalacións e/ou no inmovible poidan ocasionar aos bens do Concello de Vigo nin de terceiros, sexa cal sexa a orixe e causa daqueles, agás que os danos lle foran directamente imputables ao Consorcio.

b). Non responderá de ningún tipo de dano producido con motivo da explotación ou actividades desenvolvidas no inmovible, asumindo o Concello expresamente, a responsabilidade dos riscos que poidan derivarse da súa ocupación, así como a de indemnizar cantos danos e/ou prexuízos puidese causar ao propio inmovible, ao Consorcio ou ás persoas del dependentes e/ou a terceiros no uso e desfrute do inmovible arrendado, eximindo expresamente a este último de calquera tipo de responsabilidade.

Para estes efectos, o Concello subscribirá e manterá, durante a vixencia do contrato e as súas prórrogas, un seguro de responsabilidade civil que cubra fronte ao Consorcio (responsabilidade civil locativa) e fronte a terceiros (responsabilidade civil de explotación) os riscos derivados da actividade que vai desenvolver no inmovible arrendado. A contía mínima a asegurar por responsabilidade civil será de 150.000 €. Se, producidos os danos, a contía excedese da cobertura do seguro, tal exceso será da enteira responsabilidade do Concello.

O Concello entregará ao Consorcio, previamente á formalización da acta de entrega do local unha copia da póliza prevista na presente estipulación, obrigándose a facilitar periodicamente os documentos acreditativos da vixencia da referida póliza. O Concello comprométese ao puntual aboamento dos recibos xerados pola póliza salientada anteriormente, tanto no momento da súa contratación como, se é o caso, no das eventuais prórrogas que puidesen acordarse, así como calquera outro recibo que se devengue ou puidese devengarse durante a vixencia da póliza, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinado pola falta de pagamento dos citados recibos.

En caso de sinistro, calquera diferenza que poida xurdir no pagamento das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descuberto do seguro contratado, será soportada polo Concello.

#### **DÉCIMOSEGUNDA. - DEVOLUCIÓN DO LOCAL.**

Unha vez finalice a vixencia do contrato, o Concello de Vigo asume a obriga de devolver o local e tódolos seus elementos, nas mesmas condicións en que os recibiu.

Se o mesmo presentase vicios, defectos ou malas condicións de conservación, o Consorcio poderá reclamar do Concello a emenda destes ou, no seu defecto, o pagamento do importe que puidese supoñer o seu arranxo definitivo.

Finalizada a vixencia do contrato, o Concello de Vigo poderá retirar todos aqueles elementos da súa propiedade susceptibles de ser separados do local, sempre que non dane a súa estrutura,



quedando en beneficio do inmovible as obras realizadas no local, así como todos os elementos que non fosen retirados polo Concello de Vigo. Dentro do prazo DUN MES a partir da data de finalización do contrato, un

representante de cada unha das partes levará a cabo unha revisión e inspección do local e os seus elementos, levantándose unha Acta ao efecto que será asinada por ámbalas dúas partes en proba de conformidade.

Se o devandito local presentase calquera tipo de vicio, dano, defecto e/ou funcionamento inadecuado, o Concello de Vigo estará obrigado á súa emenda, asumindo todos os gastos que iso ocasione, incluídas as licencias ou permisos que foran precisos. Polo tanto:

Se o Concello de Vigo emenda o observado, estando conforme o Consorcio, ámbalas dúas partes asinarán acta de entrega do local acordándose a devolución da fianza.

Se o Concello de Vigo non emenda o observado no prazo dun MES, a contar dende a data de sinatura da acta de recepción antes sinalada, o Consorcio poderá utilizar a fianza para facer fronte aos gastos que se ocasionen, e de resultar esta insuficiente, o Concello de Vigo aboará os devanditos custos, estando facultado o Consorcio para facelo por conta daquel e logo repetir fronte ao Concello de Vigo se, no prazo de 20 días a contar dende o último día do prazo antes sinalado, non leva a cabo a emenda.

Se o local, as súas instalacións e/ou servizos accesorios non presentan ningún tipo de vicio, defecto, dano e/ou funcionamento inadecuado, o Concello de Vigo e o Consorcio asinarán acta de entrega do local, acordándose a devolución ao Concello de Vigo da garantía constituída.

#### **DÉCIMOTERCEIRA. – FIANZA ARRENDATICIA.**

O Concello de Vigo presenta neste acto, xustificante de ingreso por medio de anotación bancaria na conta do Consorcio nº 2080 5000 60 3040039743, na entidade NOVAGALICIA BANCO, por importe de 2.778,32 € (DOUS MIL SETECENTOS SETENTA E OITO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS), en concepto de fianza arrendaticia.

A devandita cantidade responderá, tanto do non pagamento das mensualidades e demais gastos asimilados, como dos danos ocasionados no local dos que sexa responsable o Concello de Vigo, que non sexan debidos ao uso habitual das instalacións, así como da obriga desta de devolver o inmovible no mesmo estado en que o recibiu, se o Consorcio optase por esta solución.

Así mesmo, esta cantidade será retida polo Consorcio en concepto de penalización, para o suposto de que o Concello de Vigo non cumprise coa súa obriga de recepcionar en tempo e forma os locais obxecto de arrendamento, subscribindo oportunamente a súa Acta de Entrega.

#### **DÉCIMOCUARTA. - RESOLUCIÓN.**

Serán causas de resolución do presente contrato as seguintes:

a.) O transcurso do prazo fixado na Estipulación Terceira.

b.) A falta de pagamento da renda e/ou das demais cantidades asimiladas, ao pagamento das cales está obrigado o Concello de Vigo, durante dúas mensualidades consecutivas ou alternas durante a vixencia do contrato.

c.) O cesamento da actividade de información turística no local obxecto do presente contrato, por un prazo superior a un ano.

d.) O cambio de destino do local arrendado, sen o consentimento expreso e por escrito do Consorcio.

e.) A destrución, total ou parcial do local, por calquera causa. Iso non suporá responsabilidade ningunha para o Consorcio, nin xerará dereito a indemnización ningunha a favor do Concello de Vigo.

f.) Colocar na fachada do inmovible calquera clase de placas, rótulo, mostra, anuncio, antena de televisión, radio e telefonía ou de calquera outro amarre e/ou soporte sen que medie previa autorización escrita do Consorcio.

g.) A negativa por parte do Concello a recepcionar o local obxecto deste contrato, nos termos neste indicados.

h.) O incumprimento de calquera das demais condicións e/ou obrigas establecidas neste contrato.

No suposto sinalado na letra b), devengarase a favor do Consorcio os xuros de mora que resulten de aplicar a Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Os devanditos intereses devengarase dende o momento en que o Concello incurra en mora, todo iso sen prexuízo da facultade que lle corresponde ao Consorcio de instar o desafiuzamento de conformidade coa normativa que resulte de aplicación. A remuneración dos intereses producirase dende o momento en que o Concello incorra en mora, sen necesidade de ser previamente requirido de pagamento. Nos supostos sinalados nas letras c) e d) o Consorcio poderá declarar resolto o contrato e esixir a indemnización de danos e prexuízos a que puidera ter dereito.

No suposto sinalado na letra e), entenderase resolto o arrendamento sen responsabilidade ningunha para o Consorcio. Se a devandita destrución fora consecuencia dunha actuación dolosa, negligente ou culposa do Concello ou do persoal ao seu cargo, o Consorcio esixirá e o Concello asumirá, tódolos custos que supoña a devolución ao estado anterior do inmovible danado.

No suposto recollido na letra f), o Consorcio poderá declarar resolto o contrato, esixir a indemnización de danos e prexuízos a que puidese ter dereito e repoñer, a costa do arrendatario, o inmovible á situación anterior.

No suposto recollido na letra g), o Consorcio poderá declarar resolto o contrato e reter en concepto de indemnización de danos e prexuízos, o importe da fianza arrendaticia prestada polo Concello.

No suposto recollido na letra h), tanto o Consorcio como o Concello poderán declarar resolto o contrato, sen que a outra parte teña dereito a ningunha clase de indemnización.

#### **DÉCIMOQUINTA. - RÉXIME LEGAL APLICABLE E FORO.**

Tratándose dun arrendamento para uso distinto do de vivenda, suxéitase ao establecido para esta clase de arrendamentos no parágrafo 3º do artigo 4 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, ao tenor dos cales haberá de rexerse, en primeiro lugar, pola vontade das partes, no seu defecto, polo disposto no Título III da propia Lei e, supletoriamente, polo disposto no Código Civil.

Tódalas dúbidas, incidencias e cuestións que poidan xurdir que afecten, directa ou indirectamente, á interpretación, cumprimento ou aplicación do contido do presente contrato, serán sometidas á xurisdición dos Xulgados e Tribunais que por lei resulten competentes.

En proba de conformidade con canto antecede e para ser cumprido de boa fe, ámbalas dúas partes asinan o presente documento, por duplicado e a un só efecto, no lugar e data no encabezamento expresados.

ANEXO DE BONIFICACIÓN ESPECIAL AO CONTRATO SUBSCRITO O 14 DE SETEMBRO DE 2010 ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ARRENDAMENTO DE DOUS LOCAIS NO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTEIRO RÍOS - XARDÍNS DE ELDUAYEN, CON DESTINO A OFICINA DE TURISMO.

En Vigo, a 2 de mayo de 2013

#### REUNIDOS

Dunha parte, D.<sup>a</sup> Teresa Pedrosa Silva, con domicilio a estes efectos en Vigo, Área Portuaria de Bouzas s/n.º, en nome e representación do CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (en diante, Consorcio), con N.I.F V-36.611.580, en calidade de Delegada Especial do Estado no devandito organismo, cargo para o que foi nomeada por Real Decreto 372/2012, do 10 de Febreiro, e con poderes abondo para este acto en virtude do acordo adoptado polo Comité Executivo da entidade na súa reunión do día 19 de Decembro de 2012.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, con domicilio a estes efectos en Vigo, Praza do Rei n.º 2, en nome e representación do CONCELLO DE VIGO, con N.I.F. P-3605700H, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para formalizar o presente ANEXO DE BONIFICACIÓN ESPECIAL AO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL 1 e 4, afirmando baixo a súa responsabilidade non estar comprendidos en ningún dos supostos de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade para contratar que o Ordenamento Xurídico establece e, a tal efecto.

#### EXPOÑEN

I. Que o CONCELLO DE VIGO e o CONSORCIO subscribiron o 14 de setembro de 2010 un contrato de arrendamento de dous locais, propiedade do CONSORCIO e identificados cos números 1 e 4, situados no Edificio Dotacional de Montero Ríos - Xardíns de Elduayen, con destino a oficina de turismo. O devandito contrato ten un prazo de duración de dez anos a contar dende o día seguinte á firma da Acta de entrega dos locais, que finalmente tivo lugar o día 30 de setembro de 2010.

II. Que o CONCELLO DE VIGO solicitou a aprobación do Consorcio para instalar nos devanditos locais un Centro de Interpretación de Vigo e a súa Ría cun presuposto de investimento de 273.125 €. Tamén solicitou, para poder materializar este proxecto, unha revisión á baixa do prezo dos dous locais arrendados o 14 de setembro de 2010, así como unha proposta de prezo para arrendar outro local no mesmo edificio, tamén propiedade do CONSORCIO e identificado co n.º 2.

III. Á vista da devandita solicitude, da actual conxuntura económica do mercado inmobiliario e do desembolso que haberá de efectuar o CONCELLO DE VIGO nos devanditos locais, o Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión do día 19 de Decembro de 2012, acordou:

O arrendamento do Local n.º 2, cunha bonificación de carácter especial do 23% sobre a tarifa actual do devandito local.

Unha bonificación de carácter especial do 23% sobre a renda correspondente aos locais xa arrendados (n.º 1 e n.º 4) só no caso de que o CONCELLO DE VIGO alugue o local n.º 2.

A condición de que ambas as dúas bonificacións se manterán sempre e cando o CONCELLO DE VIGO non renuncie a ningún dos tres locais. Se renunciase a calquera dos locais, volveranse aplicar as tarifas actuais cos correspondentes incrementos do IPC.

IV. A día de hoxe, formalizouse o contrato de arrendamento do Local n.º 2 que entrará en vigor cando se asine a acta de entrega do local e rematará o 30 de setembro de 2020.

Por todo iso as partes conveñen a formalización do presente ANEXO DE BONIFICACIÓN ESPECIAL AO CONTRATO DE ARRENDAMENTO PARA USO DISTINTO DO DE VIVENDA que, sen prexuízo do cumprimento das normas legais imperativas, se rexerá polas seguintes

#### ESTIPULACIÓNS

##### PRIMEIRA. - OBXECTO.

O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO acorda aplicar dende o día da data do acta de entrega do local nº 2, á renda mensual que se derive do contrato de arrendamento sinalado no Expositivo I, unha bonificación especial na renda que supoñerá unha redución mensual do 23% do seu importe, sendo a devandita bonificación aceptada polo CONCELLO DE VIGO.

##### SEGUNDA. - DURACIÓN DA BONIFICACIÓN.

A citada bonificación sobre a renda mensual do contrato terá o mesmo prazo de duración que o contrato inicial.

##### TERCEIRA. - OUTRAS CONDICIÓNS DA BONIFICACIÓN.

A porcentaxe de bonificación aplicarase sobre a renda, excluíndose do cálculo da bonificación os impostos, especialmente o Imposto sobre o Valor Engadido, arbitrios, taxas ou gastos asimilados á renda, que o arrendatario houber de aboar, a maiores.

A bonificación calcularase e aplicarase, en todo caso, sobre a renda xa actualizada nos termos considerados no contrato de arrendamento, sen que en ningún caso caiba a acumulación da porcentaxe de redución anual. Iso quere dicir que cada ano, e coa renda actualizada, se aplicará a porcentaxe de bonificación do 23%, non podendo acumularse entre si as porcentaxes anuais.

Os restantes gastos ou cargos que asume o CONCELLO DE VIGO por razón do contrato de arrendamento (gastos ordinarios e/ou extraordinarios) non serán obxecto de ningunha clase de bonificación.

Os importes que supoñan as bonificacións en ningún caso poderán ser reclamados ao CONCELLO DE VIGO, non tendo este ningunha obriga de devolvelos.

A fianza arrendaticia e o seu réxime xurídico, así como as restantes obrigas previstas no contrato para o CONCELLO DE VIGO, non serán modificadas a consecuencia da aplicación das citadas bonificacións.

A presente bonificación quedará automaticamente sen efecto a partir da data na que o CONCELLO DE VIGO, no seu caso, solicite a resolución anticipada dalgún dos dous contratos de arrendamento sinalados nos Expositivos I e IV, resultando de aplicación a renda actualizada sen bonificación.

##### CUARTA.- REMISIÓN XERAL.

En todo o non previsto no presente documento, será de aplicación o contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda salientado no Expositivo I, así como demais lexislación que sexa aplicable.

En ningún caso o presente Anexo constituirá unha novación do devandito contrato, o cal permanecerá en vigor a todos os efectos legais que sexan oportunos, salvo as modificacións agora referidas á bonificación, ás súas condicións e período de vixencia.

En proba de conformidade con canto antecede e para ser cumprido de boa fe, ambas as dúas partes asinan o presente documento, por duplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

**29(517).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.773,95 € A FAVOR DE ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, POLOS SERVIZOS PRESTADOS EN DITO MERCADO. EXPTE. 5454/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 11.04.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Distritos, Parques e Xardíns, Limpeza e Mercados, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.773,95 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2013, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.773,95 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5455-551	V	03 13	02/04/13	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.773,95 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

**30(518).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.